

ANUNCIO

CONSULTA PÚBLICA SOBRE O REGULAMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Habéndose iniciado o procedemento para a elaboración e aprobación do regulamento da carreira profesional horizontal do persoal empregado público da Deputación provincial da Coruña, e coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos, se abre un prazo de 10 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, para que as persoas interesadas e as potencialmente afectadas polo futuro regulamento poidan opinar sobre os aspectos sinalados no dito artigo 133.1 da Lei 39/2015.